

Xarope Tulú e Galeatro presentan Obra gañadora no 4ª Certame Manuel María de Proxectos Teatrais



Baseada na obra
de Manuel María

Dirixida por
Paula Carballeira

BERENGUELA NA Gaiola

Co-producido por

Distribúe

CASA - MUSEO
MANUEL MARÍA

centro
dramático
galego

XUNTA
DE GALICIA

fiot
CARBALLO

xarope, tulú

GALEATRO

urdime



ÍNDICE

As Compañías **3**

Sinopse **4**

Equipo Artístico **5**

Ficha **9**

As Compañías

GALEATRO

Galeatro é a primeira compañía de teatro profesional de **Carballo**. Fundada polos intérpretes **Alba Bermúdez** e **Tone Martínez** e especializada no **público familiar**, a súa liña de traballo esténdese desde a formación artística ata a produción de espectáculos de pequeno e gran formato. Algunhas das pezas que percorren gran parte do territorio galego son: as sesións de contos ***As aventuras de Mariña*** e ***Entre bechos anda o conto***; ou seus espectáculos de sala ***Muiñada***, ***Carabela*** e ***Wombo Combo***, coproducidos polo FIOT. No 2022 Galeatro estreou o seu primeiro espectáculo para público adulto en coprodución co **Centro Dramático Galego**, ***Arte sen Guión***, unha especulación escénica de como podería ter sido o teatro medieval en lingua galega, que estivo presente en prestixiosos festivais do estado como a MIT de Ribadavia e o Festival de Teatro Clásico de Almagro.

No eido da formación, Galeatro está presente en **escolas de teatro** de Bergondo, Carballo, Malpica de Bergantiños, Oroso, Oleiros e Ordes. Conta con máis de **250 alumnos e alumnas** que grazas a estas actividades xa forman parte, dalgunha maneira, do sistema teatral galego.

Galeatro naceu coa vontade de **promover a creación escénica** contemporánea en **lingua galega**, contando para iso con dramaturgos e dramaturgas galegas vivas. Mostra disto son os seus espectáculos de sala ***Muiñada*** escrito por Ana Carreira, ***Carabela*** e ***Wombo Combo*** por Paula Carballeira e ***Arte sen guión*** por Miguel Canalejo.

XAROPE TULÚ

Xarope Tulú é unha compañía comprometida coas linguaxes escénicas dirixidas á **infancia e a mocidade** desde os seus inicios. Fundada no ano 2015 pola actriz **Atenea García** e polo músico e escenógrafo **Nicolás Zamorano**, as súas propostas intentan achegar entre si as diferentes linguaxes escénicas: a **interpretación actoral**, a **narración oral** ou o **teatro de obxectos** intentando deste xeito non aferrarse a un único estilo interpretativo.

A compañía conta cunha traxectoria creativa bastante diversa; desde ***Nómades***, espectáculo coproducido pola **Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas** onde as artes do movemento tiñan unha presenza esencial, á montaxe ***Rilla-Rilla*** que é un espectáculo en formato concurso sobre a lingua galega que continúa xirando polo noso país, ou ***Bichocas***, espectáculo de menor formato adicado á primeira infancia. No ano 2021 estrearon ***De ti e mailo mundo que apañes*** primeiro espectáculo da compañía adicado ao público a partir dos 14 anos e baseado na obra poética de Xela Arias, entre outros.

A compañía ten participado en diversas programacións como as Didácticas de Compostela, os espazos Apego ou en diversos festivais como a MITFCF, o Festiclown, o Festival Atlántica, o Titiridez ou a Feira de Teatro de bonecos e formas animadas de Fafe (Portugal). No ano 2023 Xarope Tulú co-produce xunto a ONG Asemblea de Cooperación pola Paz o espectáculo de monicreques ***A teteira de Kabul***, co que foi nomeado a mellor espectáculo de monicreques aos **Premios de Teatro María Casares 2024**.

Sinopse

“Todo o mundo podía reclamar para si a condición de neno”


Manuel María.

Nunha residencia da Terceira Idade traen de volta a **Berenguela**, unha anciá que aproveita para fuxir en canto pode. Quere volver á súa casa na aldea, onde sempre viviu, onde é feliz. **Berenguela** protesta, rosma, funga, ata que a súa amiga **Aurora** consegue acougala. **Aurora** é outra anciá prisioneira, unha anciá que non lembra ben quen é, así que pode ser o que ela queira. Na mesma residencia está **Tomás**, que pasa o día mirando pola xanela, cismando nas súas cousas, triste e gris.

Berenguela propón unha revolta, que se volvan salvaxes e perigosas, pero **Aurora** suxire que fagan no teatro o que non lles deixarían facer na realidade. Cre lembrar que foi actriz e que hai unha peza co nome de **Berenguela**. **Berenguela** coñece a peza, por iso leva o seu nome.

As dúas enredan a **Tomás** e **Tomás** déixase enredar. No teatro atopan a liberdade que cren perdida, a posibilidade de cambiar o mundo, ou, polo menos, o seu mundo.

Así comeza a representación da peza: *“Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela”*, onde cadaquén escolle o personaxe que quere representar. Irán entrando e saíndo das escenas, debatendo, interrompendo o desenvolvemento da peza, xogando coma nese pasado que crían esquecido porque aconteceu moitos, moitos anos atrás, na ilusión da nenez.



Equipo Artístico

Paula Carballeira- Directora e dramaturga.

Paula Carballeira, nacida en Maniños (Fene. A Coruña), licenciada en Filoloxía pola Universidade de Compostela e cun Postgrao en Arte Dramática (Teoría e Práctica da Interpretación) na mesma universidade. **Narradora oral** profesional desde 1994, **actriz e escritora**. Como actriz, é membro da compañía Berrobambán e participou en varias series e programas da Televisión de Galicia. Comodirectora de teatro, levou adiante producións tanto na súa compañía como no **Centro Dramático Galego** ou noutras compañías. Como dramaturga, recibiu o **Premio Laudamuco de Textos Teatrais** no ano 2022, o

Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil os anos 2006, 2011 e 2018, foi Mención do Xurado no **III Premio de Teatro Radiofónico do Diario Cultural**, finalista do **Premio ASSITEJ** (Sección española da Asociación Internacional de Teatro para a Infancia e a Xuventude) de Textos de Teatro, finalista nos **Premios María Casares** convocados pola Asociación de Actrices e Actores de Galicia nas categorías de Texto Orixinal (ano 2007) e Adaptación de Texto Dramático (2016). Ten máis de **trinta títulos** publicados moitos deles traducidos a varias linguas: portugués, inglés, italiano, coreano, catalán, éuscaro... algúns deles premiados e a maioría pensados tamén para a infancia e a xuventude.

Actriz e contacontos, licenciase en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Acada o Posgrao en Arte, Cultura e Intervención Social a través de Factoriarte e obtén o Mestrado de Artes Escénicas pola URJC de Madrid. Alba é, xunto con Tone Martínez, **fundadora da compañía Galeatro**. Alén da experiencia adquirida con dita compañía, cómpre destacar os traballos realizados para outras de carácter profesional como son Triatrerros ou Contraproducións, compañía referente para o teatro galego e coa que protagonizou a aclamada peza **Fillos do Sol**, de Cándido Pazó.

Alba Bermúdez- Actriz.



Tone Martínez- Actor.

Licenciado en Arte Dramática na ESAD de Galicia, especializouse na improvisación teatral con mestres como Gustavo Miranda ou Omar Argentino. **Funda, xunto con Alba Bermúdez, a compañía Galeatro**, coa que realiza varios espectáculos dirixidos ao público familiar. Ademais das **propias montaxes**, destacan os traballos realizados en compañías como **Triatrerros**, **Chévere** ou o **Centro Dramático Galego** onde formou parte do elenco dos espectáculos *Divinas Palabras Revolution*, dirixido por Xesús Ron, e *A Peste*, de Cándido Pazó. No eido audiovisual, foi actor de reparto en series como *Serramoura* e *Pazo de Familia*.



Atenea García- Actriz.

Atenea García é **actriz, creadora escénica e narradora oral**, titulada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. **Funda, xunto ao músico e escenógrafo Nicolás Zamorano a compañía Xarope Tulú**, dedicada ao público infantil e xuvenil. Traballa ademais como intérprete para outras profesionais; formando parte das montaxes *Neorretranca e posmorriña* ou *Os actos e as profecías* ambas producións do **Centro Dramático Galego**. Tamén forma parte do elenco do espectáculo *Mai Mai*, da compañía Baobab Teatro. Recentemente ven de botar a andar o espectáculo de narración oral *Vicio Houbo Sempre* co participou en festivais como o Sete Falares, ou o Festival Atlántica. Ademais de ser a encargada da produción dos espectáculos de Xarope Tulú tamén ten traballado para outras compañías como o **Colectivo Vacaburra** concretamente no espectáculo *Festina Lente* co-producido polo **Centro Coreográfico Galego**. Ademais é fundadora do colectivo **Barriga&Muleta** xunto ao bailarín Diego M. Buceta con quen participaron no XI Encuentros de Creación en Magalia impulsado pola **Red de Teatros Alternativos**.





Nicolás Zamorano- Escenógrafo e técnico de luz e son.

Nicolás Zamorano é **escenógrafo, técnico de luz e son e músico**. Nacido en Buenos Aires, Nicolás achégase á música sendo cativo e a súa formación é fundamentalmente autodidacta. Desde moi novo pertence ás bandas Killing Devotos, Instrumental querido Watson, 28 miércoles ou Nocra, tocando o baixo ou a guitarra. Xa en Galiza integra á banda de Rock Mental **Xhivä**. Durante un tempo leva a cabo o proxecto de **luthería A Starosta**, guitarras y bajos raros. Na actualidade combina o seu labor escenográfico e musical en Xarope Tulú coa súa actividade como técnico de luz e son para outras profesionais coma o **Mago Teto**, a compañía de danza **Pálido Domingo**, **Cinema Sticado**, o **mago Kenneth** ou a violonchelista **Margarida Mariño**.

Ademais do seu labor como escenógrafo en Xarope Tulú, destacan os traballos realizados para a exposición **Cabria** do artista Diego Vites e a súa colaboración nos murais de **Yoseba Muruzábal**.



Lorena Calvo- Caracterizadora

Lorena Calvo comeza a traballar como caracterizadora no ano 2003 para a serie **Rías Baixas** da TVG. Desde entón ten traballado en diferentes series tanto no territorio galego coma no estatal en; **As leis de Celavella**, **Padre Casares**, **Dalia**, **Serramoura**, **Fariña**, **Hierro**, **Rapa**, **Vivir sen permiso**, **Weis & Morales**, **El jardinero**, **Rapa 2-3**, **Marea Negra** ou **Valquirias entre outras**.

No cine ten traballado tanto en perruquería coma en maquillaxe facendo deseños de personaxe como na película **Jacinto** pola que recibiu o **premio Mestre Mateo** pola súa labor en perruquería, maquillaxe e vestiario.

Recentemente vén de traballar en proxectos cinematográficos como **Cuñados**, **Alumbramiento**, **13 exorcismos**, **Sofía Casanova**, **Live is Live**, **Santa Isabel**, **Arima**, **Jefa**, **Elisa y Marcela**, **Yucatán** ou **Os fillos do sol** proxecto premiado nos **Mestre Mateo 2017** por mellor perruquería e maquillaxe.

No ámbito teatral traballou na **Ópera dos tres reais** do **Centro Dramático Galego**.

Ademais fórmase con Paloma Barba, José Sande ou Consuelo Silveira en perruquería ou caracterización e nos últimos anos ven de formarse especificamente en FX e **efectos especiais**.



Xavier Bértolo- Espazo sonoro

Xavier Bértolo é licenciado en piano e música moderna pola ESMAE de Porto, licenciado en Física pola USC e profesor de piano na ESMU de Vigo. Estudou piano con Abe Rábade e German Kucich e composición con Nuno Ferreira e Carlos Azevedo, entre outros. Membro da banda de rock **Cró!**, director e músico na **Orquesta Metamovida**, teclista na banda de improvisación conducida **Comando Radar** e recentemente desenvolve o seu proxecto de electrónica e visuais, **Corvax**, con Laura Iturralde.

Nos últimos anos comezou a traballar no ámbito escénico e audiovisual onde destacan os seus traballos na peza teatral ***O empapelado amarelo*** (A Quinta do Cuadrante, 2018), ***Bailar Agora*** (Marta Alonso, 2020), ***Serva me Servabo te*** (Pálido Domingo 2021) ***O deus do Pop*** (compañía Diego Anido 2022), ***Go Home*** (Etiqueta Negra 2024) as curtas; ***16 de Decembro*** (Alvaro Gago 2019), ***Augas Abisais*** (Xacio Baño, 2020) Gañadora do Mestre Mateo a mellor curtametraxe, ***o Niño dos páxaros*** (Lucía e Manuel Estevez 2021), ***Parafuso*** (2023), ***Cadaver de Dragón*** (2024) e as longametraxe ***9 Fugas*** (Fon Cortizo, 2020) pola que gañou o **premio Mestre Mateo** a mellor música orixinal e ***Malencolía*** (Alfonso Zarauza 2021).

As dúas e punto-Deseño de escenografía e vestuario

Creadoras e deseñadoras escénicas graduadas pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Os intereses en común a nivel estético e as inquedanzas sociais dan lugar a **As Dúas e Punto** que nace co propósito de visibilizar o traballo das escenógrafas e creadoras no sector. Apostan por crear un **novo formato** no ámbito das artes escénicas, propoñendo unha **compañía de deseñadoras escénicas**.

Gañan dous anos consecutivos o certame **Xuventude Crea**, coa peza **Agro 5G** da compañía Mevadeus no 2021 e co espectáculo **Asfixia** da compañía Vórtice Escénico no ano 2022. Tamén no 2022 traballan no deseño de escenografía da peza **A Nai**, da Cía Amorodio e no deseño do espazo escénico da presentación do disco **Ardén**, de Mondra. Realizan tamén no mesmo ano o deseño do espazo e iluminación en **lphixenia na porta do súper**, da Compañía Humana e constrúen e deseñan as máscaras da peza infantil **O rapto da befana**, un texto orixinal de Paula Carballeira.

Traballan tamén no deseño do espazo e o vestuario de **Revolta**, da Compañía Juanito e Filomena e realizan unha asistencia escenográfica e de iluminación no espectáculo **Lerele**, da Cía Bala Perdida.

No ano 2024 co-deseñan a iluminación na peza musical **Eu Fraude**, de Paula Pier e deseñan a escenografía e iluminación da peza **Penélope**, da compañía Constance Hurlé, ademais de realizar o deseño da escenografía dos **premios Martín Codax da Música 2024**. Tamén realizan o deseño de iluminación da peza **Concerto dun home só** de Luísa Villalta, no Teatro colón na Homenaxe das Letras Galegas 2024.

Na actualidade levan a coordinación técnica da obra **Dique** de Nova Galega de Danza dirixida por Marta Pazos.



BERENGUELA NA Gaiola



Duración 50 MIN

Idade PARA TODOS OS PÚBLICOS
A PARTIR DE 6 ANOS

Distribución URDIME



Concellos adheridos: A Coruña, As Pontes, Ames, A Rúa, Arteixo, Barbadás, Betanzos, Brión, Cangas, Cambados, Carballo, Cariño, Carral, Catoira, Cedeirã, Culleredo, Ferrol, Lugo, Melide, Moaña, Monforte, O Barco, O Grove, Oleiros, Padrón, Ponteareas, Pontevedra, Rianxo, Ribadeo, Ribeira, Sada, Santiago, Soutomaior, Tomiño, Verín, Vilagarcía, Vilalba, Vimianzo e Viveiro.